

INSTRUCCIÓN PARA O ACCESO Á AULA VIRTUAL

1. Acceso como convidado

O alumnado debe ir á páxina da AV e premer no curso que corresponda.
Nese momento, aparecerá o seguinte:

Acceso

Nome de usuario

Contrasinal

Lembrar o nome de usuario


[Esqueceu o seu nome de usuario ou o contrasinal?](#)

Deber ter as cookies activadas no seu navegador [?](#)

Algúns cursos poden permitir o acceso a convidados

Premendo a opción “**Entrar como convidado**”, chegamos ó seguinte:

Opcións de matriculación

 **Biología 3º ESO**

Profesor/a:

▼ Acceso como convidado

Contrasinal Desenmascarar

No espazo reservado a tal fin, débese introducir o contrasinal proporcionado para o curso. Este contrasinal é válido para tod@s @s alumn@s do curso.

2. Acceso con usuario e contrasinal

O alumnado con conta nova na AV do IES, debe ter **recibido un correo de "Administrador"** co seu usuario e contrasinal provisional.

No primeiro acceso á AV empregárase ese usuario e contrasinal, e a propia plataforma solicitará que se **mude o contrasinal** por un de elección propia.

Moitos alumnos e alumnas, xa contan con usuario na AV de cursos anteriores. Se non recordan cal é o seu usuario ou o seu contrasinal, deben seguir as instrucións que se indican no seguinte punto.

3. Problemas de acceso para usuarios con usuario e contrasinal

Acceso

⚠ Nome de usuario non válido, ténteo de novo

Nome de usuario

Contrasinal

Lembrar o nome de usuario

Acceso

[Esqueceu o seu nome de usuario ou o contrasinal?](#)

Deber ter as cookies activadas no seu navegador [?](#)

No caso de ter problemas de acceso por usuario ou contrasinal erróneo, o primeiro que se debe facer é premer na opción **“Esqueceu o seu nome de usuario ou o contrasinal?”** Aparecerá a seguinte páxina:

Aula Virtual: IES de Soutomaíor

Para restabelecer o seu contrasinal, envíe o seu nome de usuario ou o seu enderezo de correo. Se podemos atopalo na base de datos, enviáremoslle un correo coas instrucións precisas para poder acceder de novo.

Buscar por nome de usuario

Nome de usuario

Buscar

Buscar por enderezo de correo

Enderezo de correo

Buscar

O máis efectivo é empregar a **busca por enderezo de correo electrónico** (que será aquel que se proporcionou cando se solicitou a alta na AV). **É importante sinalar que a busca faise so por usuario ou so por contrasinal, non se deben encher os dous campos.**

Unha vez seleccionada a opción desexada, e premendo en “**Continuar**” na seguinte páxina que apareza, recibiremos un email. Seguindo as súas instrucións restableceremos a nosa conta.